

Instrución IX/2008 da Xerencia de estandarización da estrutura básica da información de carácter persoal das persoas físicas

A información relacionada cos datos persoais das persoas físicas é un conxunto de datos esencial para garantir o cumprimento das obrigas legais da Lei Orgánica de Protección de Datos, o correcto funcionamento das aplicacións informáticas corporativas e o adecuado tratamento estatístico dos datos.

A inexistencia dun estándar corporativo que fixe a estrutura da información relativa aos datos básicos das persoas físicas ven provocando tratamentos inconsistentes desta información nas aplicacións de xestión corporativas e no tratamento estatístico dos datos.

Para corrixir esta situación establécese o estándar de tratamento de datos persoais de persoas físicas que describe o presente documento. Son obxectivos explícitos da estandarización:

1. Garantir a calidade dos datos e cumprir co espírito e as obrigas formais establecidas na Lei Orgánica de Protección de Datos no que respecta á veracidade e exactitude dos datos de carácter persoal
2. Garantir a interoperabilidade das aplicacións corporativas en canto á estrutura, contido e significado dos campos relacionados co rexistro de datos persoais para as persoas físicas
3. Garantir a existencia de mecanismos de control e validación da información nas aplicacións de xestión corporativas e nas prácticas de introdución de datos do persoal administrativo

1 Estrutura básica de información persoal para as persoas físicas

A información básica sobre datos persoais das persoas físicas que deben manter todas as aplicacións é a seguinte:

| Campo | Descrición |
|---------------------------|---|
| Id_Universitario | Identificador único de uso interno na USC |
| Documento_Identidade | Texto, gravado de acordo coas normas de introdución de documentos de identidade |
| Tipo_Documento_Identidade | Valor codificado de acordo coa relación de tipos de documentos de identidade |
| Nome | Texto libre, introducido de acordo coas regras de gravación de nomes e apelidos |
| Primeiro_Apelido | Texto libre, introducido de acordo coas regras de gravación de nomes e apelidos |
| Segundo_Apelido | Texto libre, introducido de acordo coas regras de gravación de nomes e apelidos |
| Data_Nacemento | Data en formato dd/mm/aaaa |

| Campo | Descrición |
|----------------|--|
| Nacionalidade | Valor codificado segundo a relación de países |
| Pais_Nacemento | Valor codificado segundo a relación de países |
| Sexo | Valor codificado segundo a relación de xéneros |

A seguir faise unha descrición do tratamento que se debe dar a cada campo.

1.1 Identificador universitario

O Id_Universitario é un número único e invariable que identifica a cada persoa que ten relación coa universidade. O sistema de información central da USC proporcionará os medios para que as aplicacións poidan actualizar o Id_Universitario das persoas que teñen rexistradas.

1.2 Documentos de identidade

O código do documento de identidade debe ir acompañado sempre pola información que indica cal é o seu tipo. Os tipos de documento de identidade de persoas físicas válidos para as aplicacións corporativas son os seguintes:

Tipos de documentos de identidade

Código Nome

| | |
|-----|--|
| DNI | Documento Nacional de Identidade |
| NIE | Número de Identificación de Estranxeiros |
| PSE | Pasaporte |
| DIE | Documento de identidade estranxeiro |

Respectaranse as seguintes regras no relativo ao formato de cada tipo de documento:

1. Documento Nacional de Identidade: secuencia de oito díxitos seguidos de unha letra. Non debe incluír espazos ou signos de puntuación. A letra figurará en maiúscula
2. Número de Identificación de Estranxeiro: secuencia de unha letra (X, Y ou Z) seguida de sete díxitos e rematada por unha letra. Non debe incluír espazos ou signos de puntuación. As letras figurarán en maiúscula
3. Pasaporte: secuencia de ata quince díxitos e letras, sen separar mediante espazos ou signos de puntuación. Todas as letras escribíranse en maiúsculas
4. Documento de identidade estranxeiro: secuencia de ata quince díxitos e letras, sen separar mediante espazos ou signos de puntuación. Todas as letras escribíranse en maiúsculas

É obrigatorio que as aplicacións apliquen os algoritmos de comprobación adecuados para cada tipo de documento. En particular, para o DNI, NIE e pasaporte normalizado pediráselle ao usuario o documento completo e comprobarase que cumpre cos mecanismos de verificación establecidos para estes tipos de documentos. Non está permitida a xeración automática dos elementos de control a partir da información introducida polo usuario.

Atendendo á nacionalidade do cidadán, aplicaranse as seguintes regras:

1. Os cidadáns de nacionalidade española deben estar rexistrados con DNI. Non se admite o rexistro con ningún outro tipo de documento
2. Os cidadáns de nacionalidade estranxeira con permiso de residencia deben estar rexistrados cun NIE

3. Os cidadáns con nacionalidade estranxeira que corresponda aos países acollidos ao tratado de Schengen poden rexistrarse co documento de identidade estranxeiro ou co pasaporte
4. Nos outros casos admítese a utilización de pasaporte

Cando se produzan cambios no documento de identidade asociado a unha persoa, seguirase a seguinte política:

1. Só se permiten cambios seguindo as secuencias:
 1. Cambio de pasaporte a NIE ou DNI
 2. Cambio de documento de identidade estranxeiro a NIE ou DNI
 3. Cambio de NIE a DNI
2. Mantérase a relación histórica dos documentos adxudicados a cada persoa e o período de validez do rexistro

1.3 Nomes e apelidos

Débese respectar os seguintes criterios en canto ao almacenamento e formato dos nomes e apelidos

1. O nome e apelidos sempre se escribirán en maiúsculas e sen til ou outros caracteres de acentuación ou separación non incluídos no documento orixinal
2. O nome e apelidos deben transcribirse respectando a literalidade do documento de identidade no que respecta á súa división entre nome, primeiro apelido e segundo apelido. Se algún destes elementos inclúe partículas como artigos ou preposicións, respectarase a partición establecida no documento de identidade
3. As aplicacións deben poder subministrar a información de nome, primeiro apelido e segundo apelido como campos separados, independentemente da estratexia que se siga internamente para o seu almacenamento
4. O nome e primeiro apelido son campos obrigatorios e as aplicacións deben validar que sempre se inclúa a información correspondente a estes campos. Se o documento de identidade inclúe un segundo apelido, é obrigatorio rexistralo

1.4 Data de nacemento

A data de nacemento consígnase no formato dd/mm/aaaa, onde dd é o día do mes, comezando a contar no 1, completado con zeros no caso de que só conte cun dígito; mm é o número do mes, comezando a contar no 1, completado con zeros no caso de que só conte cun dígito; aaaa é o ano de nacemento, codificado con catro díxitos. As partes da data (día, mes e ano) sempre se separarán mediante o signo /.

1.5 Nacionalidade

A nacionalidade codifícase facendo referencia a un país incluído na táboa ISO 3166-1. A USC manterá centralizadamente a relación de códigos ISO 3166-1 que se están a utilizar e os códigos de usuario que se deban introducir para tratar situacións específicas.

1.6 País de nacemento

O país de nacemento codifícase facendo referencia a un país incluído na táboa ISO 3166-1 mantida pola USC.

1.7 Sexo

O sexo codificarase de acordo cos valores da seguinte táboa:

| Táboa de códigos de sexo | |
|---------------------------------|-------------|
| Código | Nome |
| M | Home |
| F | Muller |

En calquera caso, nos formularios impresos ou de aplicación nunca se mencionará o código que identifica cada sexo pois induce a confusión dado que se ten identificado unha práctica inconsistente no uso dos códigos por parte dos organismos responsables da emisión de documentos de identificación.

1.8 Enderezos de persoas físicas

As aplicacións deberán diferenciar correctamente dous tipos de enderezos: os que fan referencia a lugares en España e os que fan referencia a lugares no estranxeiro.

Cando se rexistre un enderezo español deberase respectar a seguinte estrutura:

| Campo | Descrición |
|---------------|--|
| Lugar_1 | Texto libre para indicar a localización exacta |
| Lugar_2 | Texto libre para indicar unha segunda localización, que comprende a anterior |
| Código_Postal | Código postal en formato NNNNN |
| Concello | Valor codificado segundo a relación de concellos |
| Provincia | Valor codificado segundo a relación de provincias |
| País | Valor codificado segundo a relación de países |

Deben respectarse as seguintes recomendacións para os campos do enderezo:

1. O campo Lugar_1 é obrigatorio
2. O campo Lugar_2 é opcional
3. O código postal debe codificarse con cinco díxitos, sen omitir zeros ao comezo e deben cruzarse os primeiros dous díxitos coa información de provincia
4. O concello debe codificarse atendendo á táboa de códigos de concellos españois do INE
5. A provincia debe codificarse atendendo á táboa de provincias españolas do INE
6. O país debe codificarse atendendo á táboa ISO 3166-1 mantida pola USC

No caso dos enderezos estranxeiros, a estrutura será a seguinte:

| Campo | Descrición |
|---------------|---|
| Lugar_1 | Texto libre para indicar a localización exacta |
| Lugar_2 | Texto libre para indicar unha segunda localización, que comprende a anterior |
| Código_Postal | Texto libre para o código postal |
| Departamento | Texto libre. Recolle a información do distrito, departamento, provincia... ou división equivalente no país ao que fai referencia o enderezo |
| País | Valor codificado segundo a relación de países |

Deben respectarse as seguintes recomendacións para os campos do enderezo:

1. O campo Lugar_1 é obrigatorio
2. O campo Lugar_2 é opcional

3. O código postal é un campo de texto libre, rexistrado coa convención de escritura de códigos postais do país ao que faga referencia o enderezo
4. O nivel de departamento empregárase para indicar a información de departamento, distrito ou calquera outra división territorial de segundo nivel do país ao que faga referencia o enderezo
5. O país debe codificarse atendendo á táboa ISO 3166-1 mantida pola USC

Ademais da información relativa ao enderezo postal, pódense incluír no enderezo ou na estrutura de información de contacto relacionada coa persoa os seguintes datos:

1. Teléfonos de contacto:
 1. Números de teléfono fixos ou móbiles de operadores españois: gravaranse como unha secuencia de nove díxitos consecutivos, sen espazos ou signos de puntuación
 2. Números de teléfono fixos ou móbiles de operadores estranxeiros: gravaranse como unha secuencia de díxitos consecutivos, sen espazos ou díxitos de puntuación. Débese indicar sempre o prefixo de país. Omitíranse os caracteres de marcación internacional ('00' ou '+') ao comezo do número.
2. Enderezos de correo electrónico: rexístraranse sempre en minúsculas

No caso de que as aplicacións permitan rexistrar varios enderezos deberán indicar claramente cal é o enderezo seleccionado polo usuario para recibir comunicacións oficiais.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2008

O xerente

Pedro García Moreno